

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2017 DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO EQUIPAMENTO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:15 horas, do día 11 de outubro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SUBMINISTRO EQUIPAMENTO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- D. José Ismael Pena Villamor, Concelleiro de Deportes.
- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal
- D. David Carballo Calvelo, Técnico de Deportes Municipal
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- Non asiste o representante do PS de G-PSOE nin a representante de MOVETE.
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente da Mesa, indícase aos compoñentes da Mesa de que presentaron ofertas para esta licitación as seguintes empresas:

- MANTEN S.L.
- MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.
- SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.
- GRUPO CONTACT FITNESS S.L.
- BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L.
- EXERCYCLE S.L.

Pola Secretaria da Corporación, explícase á Mesa que o anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 21 de setembro de 2017, abrindo un prazo de 15 días naturais contados dende a data da súa publicación (de conformidade co artigo 159.2 do TRLCSP e co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) para que as empresas interesadas puidesen presentar as súas ofertas. A plica da empresa EXERCYCLE S.L., foi presentada na Oficina de Correos e comunicado ao departamento de Secretaría Municipal, mediante fax, o día 6 de outubro en vez de o día 5 que era o último día para a súa presentación, e polo tanto fóra de prazo, polo que esta Secretaría entende que procede a exclusión da indicada empresa desta contratación, estando a Mesa de acordo, por unanimidade.

Seguidamente procédese á apertura do sobre A (documentación administrativa) de cada unha das empresas admitidas a esta contratación co seguinte resultado:

-MANTEN S.L., presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L., presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, pero non presenta a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L., presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, pero non presenta a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-GRUPO CONTACT FITNESS S.L., presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L., presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, pero non presenta a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

A Mesa considerando que se trata de unha omisión enmendable, acorda por unanimidade requirir ás empresas MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L., SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L. e BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L., para que en caso de seguir interesadas neste procedemento de contratación, aporten a indicada declaración xurada, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles a contar dende a recepción deste requirimento. De non facelo así, procederase á súa exclusión definitiva do procedemento de contratación.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, na que se dará conta da situación do expediente en canto á subsanación de documentación por parte dalgúns licitadores e seguidamente procederase á apertura do sobre C "Oferta Técnica"- (criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor).

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as dez horas e corenta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)

|